1. As disposicións desta lei sobre a partición da herdanza seranlles aplicables a todas as particións que se realicen a partir da súa entrada en vigor, sexa cal fose a data do falecemento do causante.

2. Respecto dos demais dereitos sucesorios aplicaráselles esta lei ás sucesións cunha apertura que teña lugar a partir da súa entrada en vigor.

Terceira.-Os demais problemas de dereito intertemporal que se presenten por causa da entrada en vigor desta lei resolveranse de conformidade cos principios que informan as disposicións transitorias do Código civil.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Lei do Parlamento de Galicia 4/1995, do 24 de maio, de dereito civil de Galicia, así como todas aquelas disposicións que se opoñan ao previsto nesta lei.

Disposición derradeira

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, catorce de xuño de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 22 de xuño de 2006, da Secretaría Xeral de Comunicación, sobre delegación de competencias do secretario xeral de Comunicación no director xeral de Comunicación Audiovisual.

A actividade administrativa da Secretaría Xeral de Comunicación leva consigo unha concentración de funcións no seu titular que aconsella, dado o seu volume, recorrer á delegación de competencias no director xeral de Comunicación Audiovisual, sen esquecer o debido respecto aos principios que informan a actividade administrativa e que a nosa Constitución recolle no seu artigo 103.1º.

A delegación de competencias permite a axilización administrativa necesaria que redundará en beneficio tanto da Administración como dos administrados, dentro do máis rigoroso respecto das garantías xurídicas que a tutela dos intereses públicos exige.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren, por desconcentración, a disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, o artigo 72.4º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, o artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e demais disposicións de xeral aplicación,

RESOLVO:

Artigo 1º

Deléganse no director xeral de Comunicación Audiovisual as seguintes competencias:

a) Ata un importe de 12.020 euros, autorizar e dispoñer os gastos xerais dos servizos da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, así como o seu compromiso e liquidación, solicitando da Consellería de Economía e Facenda a ordenación dos pagamentos, agás respecto dos créditos do capítulo I.

b) Ata un importe de 60.000 euros, recoñecer obrigas e formular propostas de pagamento dos gastos xerais dos servizos da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, solicitando da Consellería de Economía e Facenda a ordenación dos pagamentos, agás respecto dos créditos do capítulo I.

O exercicio do sinalado nas letras anteriores comporta o asinamento das resolucións que precisen os procedementos de tramitación.

Artigo 2º

As resolucións administrativas que se adopten facendo uso das delegacións contidas nesta resolución farán constar expresamente esta circunstancia e considéranse ditadas polo órgano delegante.

Artigo 3º

En calquera momento, o secretario xeral poderá revogar o exercicio das competencias que son delegadas por esta resolución, das que quedan excluídas, en todo caso, os supostos previstos no artigo 13.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 4º

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2006.

Juan Fernando Salgado García
Secretario xeral de Comunicación

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 23 de xuño de 2006 pola que se abre un novo prazo de presentación de solicitudes das axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de tractores da Comunidade Autónoma de Galicia, establecidas na Orde do 19 de abril de 2006.

Dada a necesidade de fomentar a introdución na agricultura de novos tractores fiables, seguros, que garantan unha mellora nas condicións de traballo dos agricultores, con alta tecnoloxía para atender os requirimentos da agricultura moderna, é dicir, máis eficientes enerxeticamente e que permitan unha redución das emisións contaminantes, cómpre ampliar o prazo de presentación de solicitudes para continuar subvencionando o achatarramento de tractores antigos sempre que vaia acompañado da compra dun tractor novo.

O Real decreto 178/2005, do 18 de febreiro, establecía como data límite de presentación das solicitudes o día 30 de abril. Mediante o Real decreto 585/2006, do 12 de maio, modificábase a disposición adicional terceira do antedito Real decreto 178/2005, facultando o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar o prazo máximo para a presentación das solicitudes destas axudas.

Dado que o ministerio exerceu esta potestade lexislativa de modificar o prazo de presentación das solicitudes a través da Orde APA/1925/2006, do 12 de xuño (BOE do 17 de xuño), cómpre publicar para o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a apertura dun novo prazo de presentación das solicitudes neste mesmo sentido. Polo tanto,

DISPOÑO:

Artigo único.-As solicitudes de axuda correspondentes ao ano 2006, previstas no Real decreto 178/2005, do 18 de febreiro, e na Orde do 19

de abril de 2006, poderán presentarse desde o día seguinte ao da publicación desta orde, ata o día 18 de xullo de 2006 inclusive, nos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e preferentemente nas oficinas agrarias comarcais ou nas delegacións provinciais da Consellería do Medio Rural.

Disposición derradeira

Única.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

**CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE**

Orde do 15 de xuño de 2006 pola que se declara de interese galego a Fundación Pro-Patrimonio Rois e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

Con data do 6 de xuño de 2006 foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 18 de maio de 2006, pola que se clasifica de interese cultural a *Fundación Pro-Patrimonio Rois*, adscribíndoa á Consellería de Cultura e Deporte, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Esta fundación, de acordo co establecido no artigo 6 dos seus estatutos, ten como obxecto o estudo, catalogación, restauración e protección do patrimonio cultural situado na área territorial que abrangue o concello de Rois.

Por iso, en virtude das competencias que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e segundo o establecido no artigo 8 da Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego, modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro, e no artigo 32.3º a) do Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, aprobado polo Decreto 248/1992, do 18 de xuño,

DISPOÑO:

Primeiro.-Declarar de interese galego a *Fundación Pro-Patrimonio Rois* xa que os seus estatutos cumpren as prescricións que, para tal efecto, sinala a vixente lexislación en materia de fundacións de interese galego.

Segundo.-Ordenar a inscrición da *Fundación Pro-Patrimonio Rois* no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería de Cultura e Deporte, para os efectos constitutivos que sinala a Lei 7/1983,

do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego, modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro.

Terceiro.-Esta fundación queda sometida ao disposto na normativa de xeral aplicación, en especial, á obriga de darlles publicidade suficiente ás súas actividades e á ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos. Tamén queda obrigada a renderlle contas anualmente ao protectorado e a xustificar, a través dunha memoria anual, o cumprimento da finalidade fundacional, así como a presentar o proxecto de orzamento, con anterioridade ao inicio do exercicio económico para o que se formula e a solicitar as preceptivas autorizacións do protectorado.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2006.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 26 de xuño de 2006 pola que se convoca un curso para a obtención do diploma de directivo da Xunta de Galicia.

O artigo 6 da Lei 3/1995, do 10 de abril, pola que se dá nova redacción ao artigo 27 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, establece que a expedición do diploma de directivo pola Escola Galega de Administración Pública habilita para o desempeño dos postos de traballo de libre designación que así se determinen nas relacións de postos de traballo.

De conformidade co previsto no artigo único do Decreto 319/1996, do 26 de xullo, polo que se modifica o artigo 4 do Decreto 294/1992, do 10 de setembro, na redacción ofrecida polo Decreto 1/1995, do 12 de xaneiro, polo que se regula o diploma de directivos, convócanse dous cursos para a obtención do diploma de directivos de acordo coas seguintes bases:

Primeira.-Solicitantes.

Serán requisitos necesarios para a realización do curso:

a) Estar na data da convocatoria en posesión do título de licenciado ou diplomado universitario.

b) Ser funcionario de carreira ou persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde dos grupos A ou B, en situación de servizo activo ou servizos especiais en calquera das administracións públicas existentes en Galicia.

c) Ter prestado un mínimo de tres anos de servizos na Administración pública ou cinco no caso dos diplomados.

Dous terzos do total das prazas convocadas (17 prazas) quedarán reservadas para o persoal da Administración autonómica que estea comprendido no ámbito de aplicación da Lei 4/1988, do 26 de maio, así como para o persoal comprendido no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, que estea ocupando postos de traballo de xestión sanitaria que non teñan carácter asistencial.

Ás prazas do terzo restante (8 prazas) poderá optar o seguinte persoal:

-O restante persoal comprendido no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro.

-O persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde.

-O persoal docente ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

-O persoal funcionario de calquera outra das restantes administracións públicas existentes en Galicia.

No suposto de que as prazas reservadas a calquera dos grupos de persoal non chegasen a cubrirse na súa totalidade, as sobrantes acrecentarán o outro grupo.

Segunda.-Criterios de selección.

A selección dos aspirantes efectuaráa unha comisión designada para este efecto, de conformidade co previsto no artigo 6 do Decreto 294/1992, do 10 de setembro, e constará de dúas fases:

1ª fase: valoración de méritos.

A puntuación máxima desta fase será de 7 puntos e aplicarase o seguinte baremo:

A. Por experiencia en posto que requirise o diploma de directivo segundo a relación de postos de traballo: 2,5 puntos.

As fraccións de ano traballado nun posto poderanse acumular ao tempo traballado noutro posto. As datas de referencia, para os efectos do cómputo do tempo, serán as que figuran na dilixencia de toma de posesión e cesamento. Esta experiencia deberá ser certificada polo responsable do servizo de persoal do que dependa o solicitante, segundo o modelo oficial que se xunta.

B. Por experiencia en posto directivo no ámbito da empresa privada: 1,5 puntos.

A dita experiencia acreditarase mediante a presentación de copia compulsada do contrato laboral suscrito ou certificación do acordo de nomeamento expedido polo órgano competente segundo os seus estatutos, no caso de tratarse de sociedades.

C. Pola posesión de cursos específicos para directivos impartidos por escolas ou institutos de Administración pública, nacionais ou estranxeiros, ou por entes privados: 0,50 puntos.

a) Por cursos de 80 a 150 horas: 0,25 puntos.

b) Por cursos de máis de 150 horas: 0,50 puntos.

Estes cursos deberán versar sobre algunha materia relacionada co contido do curso obxecto desta convocatoria.

Non se considerarán os cursos de xefe de sección convocados pola EGAP.

D. Pola posesión do título de doutor: 0,50 puntos.

E. Por publicacións de monografía ou artigos sobre temas relacionados coa Administración pública: 1 punto.

a) Por cada monografía: 0,50 puntos.

b) Por cada artigo: 0,20 puntos.

Só se valorarán as monografía ou artigos aparecidos en publicacións con ISBN ou ISSN que estean debidamente acreditados.

F. Por coñecementos do idioma galego e de idiomas comunitarios debidamente acreditados: 1 punto.

F.1) Galego:

-Por certificado de perfeccionamento ou superior: 0,50 puntos.

-Por certificado de iniciación: 0,25 puntos.

A valoración do certificado de perfeccionamento exclúe a do de iniciación.

F.2) Idiomas comunitarios:

-Por certificado de aptitude de nivel avanzado dunha lingua comunitaria: 0,50 puntos.

-Por certificado de aptitude de nivel medio dunha lingua comunitaria: 0,30 puntos.

A valoración do certificado de aptitude de nivel avanzado dunha lingua exclúe a do de nivel medio da mesma lingua.

A comisión de selección, unha vez concluída a fase de baremación, expoñerá os resultados na páxina web da EGAP e nos taboleiros de anuncios da EGAP, do Centro de Información Administrativa e Atención ao Cidadán e, se é o caso, das delegacións provinciais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, concedéndose para o efecto un prazo de 3 días co fin de aducir as reclamacións que se consideren oportunas. Pola súa vez, a mencionada comisión determinará a puntuación mínima requirida para acceder á segunda fase do proceso de selección.

2ª fase: a entrevista.

A puntuación máxima será de 3 puntos. A comisión valorará as condicións intelectuais, calidades humanas e profesionais e a capacidade de liderado e motivación dos aspirantes.

Terceira.-Adxudicación de prazas.

A relación de participantes admitidos para a realización do curso expoñerase na páxina web da EGAP e nos taboleiros de anuncios da EGAP, do Centro de Información Administrativa e Atención ao Cidadán e, se é o caso, das delegacións provinciais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, sen prexuízo da oportuna notificación aos seleccionados co fin de que poidan obter o correspondente permiso de asistencia.

Cuarta.-Substitucións.

Se unha persoa seleccionada causa baixa antes do comezo ou no transcurso das vinte primeiras horas lectivas do curso, deberá comunicarllo á EGAP para

a súa substitución pola que lle corresponda segundo a orde de preferencia no proceso selectivo.

Quinta.-Características do curso.

Duración: 150 horas (120 horas presenciais, divididas entre asistencia a contidos teóricos, seminarios, conferencias e clases de traballo en equipo para o desenvolvemento dun proxecto, e 30 horas non presenciais).

Lugar: EGAP. Polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4, 15707 Santiago de Compostela. Ademais prevense saídas para o desenvolvemento de determinadas actividades a diferentes lugares de Galicia.

Datas: do 7 de setembro ao 30 de novembro de 2006 (xoves pola tarde e venres pola mañá e/ou pola tarde).

Prazas: 25.

Contido básico: dirección innovadora; análise e avaliación de políticas públicas; dirección e xestión pública. Xestión de proxectos en organizacións públicas; dirección e planificación estratéxica pública; marketing en entidades públicas; a xestión pública e a calidade nas organizacións públicas; os sistemas de información na Administración pública.

As clases completaranse con conferencias a cargo de especialistas cualificados.

Obxectivos do curso:

1. Introducir os empregados públicos con responsabilidades directivas e semidirectivas nas técnicas de xestión e habilidades directivas necesarias para liderar equipos de traballo de alta dirección pública, desenvolvendo as competencias directivas e semidirectivas innovadoras (análise, interpretación, participación, proxecto, grupo de traballo e marketing interno), e aprendendo a desenvolver equipos de traballo integrados e cooperativos.

2. Facilitar espazos de aprendizaxe e de intercambio global de experiencias entre os participantes no curso, e entre estes e outros grupos directivos da Administración autonómica e da Administración xeral do Estado cos que colaboren en proxectos intergubernamentais.

3. Resolver problemas estratéxicos de cada participante, enfocando a aprendizaxe cara á innovación organizativa e a gobernanza multinivel na que están inseridas as diferentes organizacións públicas que compoñen a Xunta de Galicia.

4. Procurar unha cultura mixta de acción pública, isto é, de comprensión entre as diferentes administracións públicas (autonómica, local e universitaria) así como coas iniciativas da sociedade civil que comparten actitudes privadas e públicas.

Metodoloxía, seguimento e avaliación:

1. O curso para a obtención do diploma de directivo artúculase arredor dunha metodoloxía de innovación (Mining-Aldebaran) que integrará os principios e valores da dirección pública con novos modelos de xestión estratéxica e de mellora continua aplicables ás organizacións públicas (habilidades, análise estratéxica, participación, intercambio, orientación ao cidadán e calidade). Esta metodoloxía de

acción-investigación, de integración, desenvolvemento e aprendizaxe, estará presente nas diferentes etapas do curso.

2. O ciclo de traballo do curso estrutúrase en catro tipos de espazos:

-Un espazo troncal de aprendizaxe integrado a partir da experiencia e o grupo de traballo que acompaña o programa en todas as súas actividades dándolles sentido e integrándoas a partir da acción mesma dos participantes.

-Un espazo de políticas e ferramentas públicas, desde onde se difunden aqueles coñecementos básicos para o desenvolvemento da actuación pública.

-Un espazo de habilidades e ferramentas innovadoras, a modo de seminarios de innovación.

-Un espazo de presente cara ao futuro no cal se mostren as tendencias de cambio ás que están sometidas as organizacións públicas, cun formato de conferencias.

3. Os módulos desenvolveranse baixo a metodoloxía presencial (xoves pola tarde e venres pola mañá e/ou pola tarde). Os alumnos terán que utilizar un sistema *e-reading* (*on line*), que lles permitirá acceder a un soporte documental e de lectura común e intercambios de rede, o que facilitará a intercomunicación entre os participantes e os grupos de traballo formados entre eles. Ao longo do curso estableceranse unha serie de sesións que se desenvolverán fóra das instalacións da EGAP seguindo a liña de *outdoor training*.

4. A dinámica activa, flexible e altamente participativa desta edición do curso para a obtención do diploma de directivo da Xunta de Galicia implica unha clara corresponsabilidade por parte das/os alumnas/os asistentes. Búscase así a participación activa nos contidos teóricos e prácticos (estudos de casos e dinámicas nos módulos) e os bos resultados do proxecto final, que deberá ser presentado por cada alumno á finalización dos contidos teórico-prácticos e positivamente avaliado por un tribunal formado por profesores participantes no programa e avaliadores externos.

5. O curso está destinado a un máximo de 25 alumnas/os seleccionadas/os de acordo co procedemento e o baremo que se establece nesta convocatoria e de conformidade coa normativa reguladora para a obtención do diploma de directivo. Non obstante, os seminarios e as conferencias, así como algúns dos módulos que integran o programa, poderán ser cursados, independentemente do resto do curso, por candidatos ou interesados en xeral de acordo co que dispoñan as convocatorias específicas que para o efecto realice a EGAP.

Sexta.-Asistencia.

É obrigatoria a asistencia e puntualidade a todas as sesións previstas dos cursos. Toda inasistencia a clase deberá ser xustificada debidamente polo interesado, se ben a ausencia a máis de 20 horas lectivas determinará a cualificación de non apto no curso.

Sétima.-Proxecto final.

Ao remate do curso cada un dos alumnos deberá presentar un proxecto final do curso enfocado cara

á posta en práctica do aprendido no posto de traballo que cada un ocupa. Para iso ha de comprender o tema desde unha perspectiva global ou teórica e darlle unha aplicación concreta na súa función actual, con obxecto de producir unha mellora estratéxica substancial na súa forma e estilo de traballo directivo.

Os proxectos serán apoiados por titores que estarán dispoñibles *on line* para a comunicación cos participantes, e terán a obrigação de atender persoalmente os seus tutelados durante, polo menos, dúas entrevistas.

Os proxectos serán presentados publicamente perante un tribunal formado por profesores do curso e avaliadores externos que serán designados polo director da EGAP para este efecto.

Oitava.-Expedición do diploma de directivo.

Finalizado o curso, o seu director elevará a proposta dos aptos ao director da EGAP, que ditará a resolución definitiva e expedirá o diploma de directivo.

Novena.-Modificacións.

A EGAP poderá modificar os contidos, duración, datas e horarios mencionados para adaptalos ás necesidades da Administración e ás contingencias que poidan xurdir no desenvolvemento de cada curso.

Décimo.-Instancias e prazo de presentación.

A admisión ao curso solicitarase mediante presentación da instancia que, como modelo, se recolle no anexo I desta convocatoria, xuntándolle, debidamente cuberto en todas as epígrafes, o anexo II desta resolución, no que se resumen os méritos que se pretenda que sexan tidos en conta, así como a súa acreditación documental en orixinal ou copia compulsada, coa excepción daqueles xa certificados polos responsables de persoal. Por último, deberá presentarse tamén unha memoria explicativa do seu interese en realizar o curso e dous motivos que xustifiquen a conveniencia ou necesidade de realizalo para o desenvolvemento das funcións relacionadas co seu posto de traballo. Deberá ser presentada en formato A4 e mecanografada a dobre espazo por unha soa cara. A non presentación desta memoria dará lugar á exclusión do candidato.

As instancias presentaranse no rexistro da EGAP ou enviaranse por calquera dos medios permitidos pola normativa reguladora do procedemento administrativo.

O prazo de presentación de instancias será de dez días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A publicación da resolución do procedemento deberá producirse no prazo máximo de seis meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o mencionado prazo sen resolución expresa, esta entenderase desestimatoria.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2006.

Antonio Izquierdo Escribano
Director da Escola Galega de Administración Pública

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CURSO PARA A OBTENCIÓN DO DIPLOMA DE DIRECTIVO

1.- SOLICITANTE			
Apelidos	Nome	NIF	
Enderezo particular: rúa, número	Localidade	Provincia	CP Tfno.

Tipo de persoal (marque cun X o recadro que corresponde)

<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
- Persoal de Administración autonómica de ámbito de aplicación da Lei 4/1988 e da Lei 17/1989 que ocupa postos de xestión sanitaria non asistencial.	- Restante persoal do ámbito de aplicación da Lei 17/1989. - Persoal estatutario fixo do Sergas. - Persoal docente ao servizo da comunidade autónoma. - Persoal funcionario das restantes administracións públicas existentes en Galicia.

2.- DATOS ADMINISTRATIVOS			
Corpo, escala	NRP	Situación administrativa	Data de ingreso no corpo
			Data de ingreso na Administración
Posto de traballo actual: denominación	Código do posto	Nivel	Data de nomeamento

Centro directivo	Consellería		
Enderezo do posto de traballo: rúa, número	Localidade (provincia)	Tfno.	Fax

3.- DATOS ACADÉMICOS			
Enderezo electrónico			
Títulos	Centros	Duración	Data de expedición

4.- DECLARACIÓN-SOLICITUDE			
- Declaro, baixo a miña responsabilidade, que cofrezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que figuran nesta solicitude.			
- Solicito tomar parte no curso ou actividade de referencia.			
..... de de 2006.			

Sinatura

Director da EGAP, rúa de Madrid, 2-4, 15707 Santiago de Compostela

ANEXO II

MÉRITOS QUE SE FAN CONSTAR NA SELECCIÓN PARA O CURSO DE OBTENCIÓN DO DIPLOMA DE DIRECTIVO

1.- Experiencia en postos directivos na Xunta de Galicia para cuxo desempeño se require o diploma de directivo segundo a relación de postos de traballo:

Don/Dona	
(Nome e apelidos do funcionario responsable dos servizos de persoal)	
Cargo	
Organismo	
Que don/dona	Certifica:
ocupou, ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes postos coa duración que se indica:	

Denominación do posto

.....

Tempo de desempeño

Denominación do posto

.....

Tempo de desempeño

Denominación do posto

.....

Tempo de desempeño

Denominación do posto

.....

Tempo de desempeño

2.- Experiencia en postos directivos sanitarios para cuxo desempeño se require o diploma de directivo segundo a relación de postos de traballo:

Don/Dona	
(Nome e apelidos do funcionario responsable da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas)	
Cargo	
Que don/dona	Certifica:
ocupou, ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes postos coa duración que se indica:	

Denominación do posto

.....

Tempo de desempeño

Denominación do posto

.....

Tempo de desempeño

Denominación do posto

.....

Tempo de desempeño

Denominación do posto

.....

Tempo de desempeño

3.- Experiencia en postos directivos docentes para cuxo desempeño se require o diploma de directivo segundo a relación de postos de traballo:

Don/Dona
 (Nome e apelidos do funcionario responsable da Dirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)

Certifica:

Que don/dona
 ocupou, ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes postos coa duración que se indica:

Denominación do posto Tempo de desempeño

Denominación do posto Tempo de desempeño

Denominación do posto Tempo de desempeño

Denominación do posto Tempo de desempeño

4.- Experiencia en postos directivos nas restantes administracións públicas existentes en Galicia para cuxo desempeño se require o diploma de directivo segundo a relación de postos de traballo:

Don/Dona
 Cargo
 Administración pública e organismo

Certifica:

Que don/dona
 ocupou, ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes postos coa duración que se indica:

Denominación do posto Tempo de desempeño

Denominación do posto Tempo de desempeño

Denominación do posto Tempo de desempeño

Denominación do posto Tempo de desempeño

5.- Outros méritos.

Don/ Dona
 (O/A aspirante) declara pola súa honra que son certos e acredita documentalmente (documentos orixinais ou compulsados) todos os datos que se fan constar para a valoración dos seguintes méritos:

Responsable máximo de empresa privada Tempo de desempeño
 Denominación

Responsable sectorial de empresa privada Tempo de desempeño
 Denominación

Curso: denominación Organismo que o convocou Nº horas lectivas
 Denominación

Monografía sobre Publicada en
 Denominación

Artigo sobre Publicado en
 Denominación

Idioma Clase de título ou certificación
 Denominación

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 19 de xuño de 2006 pola que se outorgan nomeamentos a rexistradores da propiedade, bens mobles e mercantís para os rexistros vacantes que se citan.

O nomeamento de rexistradores da propiedade, bens mobles e mercantís que desempeñen funcións en Galicia é competencia desta comunidade autónoma, segundo o disposto no artigo 26.1º do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981.

Visto o expediente instruído para a provisión de rexistros da propiedade vacantes, en virtude de concurso ordinario convocado por resolución da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado do 21 de abril de 2006 (BOE do 4 de maio) e, de conformidade cos artigos 284 da Lei hipotecaria, 513 do Regulamento para a súa execución, o decreto da Xunta de Galicia 578/2005, do 29 de decembro, e demais disposicións legais autonómicas pertinentes,

RESOLVO:

Nomear os rexistradores da propiedade, que deseñado se relacionan, para prover os rexistros vacantes radicados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia:

Vicente Artime Cot, rexistrador de Vigo número 3, para o rexistro de Vigo núm. 2 (Pontevedra).

Cayetano Prada González, rexistrador de Allariz, para o rexistro de Vilalba (Lugo).

Margarita M^a Ballarín Gutiérrez, rexistradora de Viana do Bolo, para o rexistro de Chantada (Lugo).

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2006.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Resolución do 16 de xuño de 2006, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se publica a execución da sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, sobre o recurso contencioso-administrativo número 1738/2002, formulado por Eugenia Rodríguez Couñago.

A sentenza ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza, declara o dereito de Eugenia Rodríguez Couñago a ocupar a praza nº 33 asignada na resolución do órgano de

selección do concurso-oposición, convocado o 29 de decembro de 1995, do 6 de febreiro de 1997.

O exposto anteriormente obrigou a incluír a Eugenia Rodríguez Couñago na relación de aspirantes aprobados no concurso-oposición convocado o 29 de decembro de 1995, co número 33 da lista, feito que se levou a cabo a través da Resolución do 20 de abril de 2005, da Subsecretaría de Traballo e Asuntos Sociais.

De conformidade co previsto nos artigos 235 e seguintes do Real decreto legislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de procedemento laboral, esta dirección xeral dispuxo a execución da devandita sentenza

En cumprimento da devandita disposición, e a pesar de que a Resolución do 20 de abril de 2005 decretaba que a interesada ocuparía o posto nº 33, que está situado no Centro de Atención de Minusválidos Psíquicos de Sarria, logo de solicitude da interesada que expoñía no seu escrito do 27 de febreiro de 2006 que en condicións normais podería a través dos sistemas de provisión de postos acadar unha praza que estivese próxima á localidade onde reside actualmente, fai aconsellable atender esta petición, co fin de evitarlle maiores prexuízos á interesada.

Polo que, á vista do anterior, se solicitou á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar informe sobre as prazas vacantes en Chapela e Vigo.

O devandito informe foi remitido con data do 5 de xuño de 2006, achegando as prazas vacantes existentes no grupo IV, categoría 003, no Centro de Atención de Minusválidos Psíquicos en Redondela, á vista deste informe esta dirección xeral

DISPÓN:

Primeiro.-A execución da devandita sentenza por esta Administración límitase exclusivamente a adxudicarlle unha praza de laboral fixo a Eugenia Rodríguez Couñago, con DNI 36093192, no posto que a continuación se especifica:

Código: ASC994020136440110.

Denominación: CAMP.

Concello: Redondela.

Grupo: IV.

Categoría: 003.

Segundo.-A interesada, de conformidade co establecido no artigo 13 do IV Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, disporá do prazo dun mes para tomar posesión do seu destino, prazo que empezará a contar a partir do día seguinte ao de publicación da presente resolución.

Terceiro.-Contra esta resolución poderase interpor reclamación previa á vía xudicial laboral perante a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de publicación desta resolución, de acordo cos artigos 120 e seguintes da

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais disposicións concordantes.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2006.

José Rodríguez González
Director xeral da Función Pública

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO CATRO DA CORUÑA

Cédula de notificación de sentenza (876/2004).

Juan Rey Pita, secretario do Xulgado do Social número tres, en funcións, dou fe e certificado que neste xulgado se seguen autos número 876/2004 por instancia de Fernando Sandy Silebo contra *Arcoptesca Escocia, S.L.*, Avelino Rey Miranda sobre despedimento, nos que recaeu sentenza en data do 31-5-2006 que copiada nos particulares necesarios di así:

«Ditamino que estimando a demanda promovida por Fernando Sandy Silebo contra a empresa *Arcoptesca Escocia, S.L.* e Avelino Rey Miranda, debo declarar e declaro improcedente o despedimento efectuado ao demandante en data do 18-10-2004, condenando as demandadas *Arcoptesca Escocia, S.L.* *Pesca Aremi, S.L.* e Avelino Rey Miranda a que no prazo de cinco días contados desde a notificación desta resolución, opte entre a readmisión do traballador nas mesmas condicións que rexían antes de se producir o despedimento ou o aboamento da cantidade de 1.271,85 euros en concepto de indemnización e ao aboamento dos salarios deixados de percibir desde a data do despedimento e ata a notificación desta resolución, que a día de hoxe ascende á suma de 22,138,2 euros.

Así, por esta miña sentenza, contra a que poderá recorrerse en suplicación ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de cinco días contados desde o seguinte á súa notificación, anunciando o propósito de interpoñelo mediante comparecencia ou por escrito, sendo indispensable que ao tempo de anunciálo o recorrente, se é empresario, exhiba ante este xulgado do social o xustificante acreditativo de ter depositado na conta deste xulgado aberta en *Grupo Banesto (Banco Español de Crédito, S.A. e Banco de Vitoria, S.A.)*, co número 1534 0000 60 00876 04, a cantidade obxecto da condena, podendo substituírse a consignación en metálico polo aseguramento mediante aval bancario,

no que deberá facerse constar a responsabilidade solidaria do avalista, sen cuxo requisito non poderá terse por anunciado o recurso e quedará firme a sentenza. Debendo consignar ademais a cantidade de 150,25 euros na mesma conta 1534 0000 65 0876 04 entregándose o xustificante na Secretaría ao tempo de interpoñer o recurso declarándose este desistido de non constituírse o dito depósito na forma indicada, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que conste, para efectos da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, co fin de que lle sirva de notificación en forma á empresa *Arcoptesca Escocia, S.L.* e Avelino Rey Miranda, expido e asino esta cédula na Coruña o 31 de maio de 2006.

O secretario xudicial
Rubricado

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO UN DE LUGO

Edicto (46/2006).

Eu, Rafael González Alió, secretario do Xulgado do Social número un dos de Lugo, dou fe e testemuño de que nos autos de xuízo número 46/2006, seguidos por instancia de Octavio Rey Tojeiro contra a empresa *Prefabricados Begonte, S.L.* e outro, sobre despedimento, se ditou a sentenza cuxo encabezamento e parte dispositiva din:

«En Lugo o vinte e tres de maio do ano dous mil seis.

Vistos por Fernando Fernández Olmedo, maxistrado-xuíz do Xulgado do Social número un dos de Lugo, estes autos de xuízo verbal nº 46/2006, sobre reclamación por despedimento, no cal son partes, como demandante, Octavio Rey Tojeiro, asistido da letrada M^a Teresa Souto Neira, e como parte demandada a empresa *Acerías As Pontes, S.L.*, representada por Laura Añón Naya e asistida do letrado Rafael Chaver Rey, Non compareceu a empresa codemandada, *Prefabricados Begonte, S.L.*, malia estar citada en legal forma.

Resolvo que, con absolución da demandada, *Acerías As Pontes, S.L.*, e con estimación parcial da demanda formulada por Octavio Rey Tojeiro, debo declarar e declaro improcedente o despedimento do demandante con efectos do 7 de decembro de 2005, e condeno a empresa demandada, *Prefabricados Begonte, S.L.*, a que, no prazo de cinco días contados desde a notificación desta resolución, opte entre readmitir o demandante no seu posto de traballo ou indemnizalo pola extinción da relación laboral coa cantidade de 472,17 euros e, en todo caso, a lle aboar ao traballador os salarios de tramitación deixados de percibir desde a data do despedimento

ata a notificación desta resolución, en contía de 34,03 euros diarios, debendo pór en coñecemento do xulgado no dito prazo, se opta ou non pola readmisión. Todo iso sen prexuízo da responsabilidade que ao Fondo de Garantía Salarial lle corresponda asumir dentro dos límites legais.

Notifíqueselles esta sentenza ás partes, coa advertencia de que contra ela cabe interpor recurso de suplicación perante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia da Coruña, dentro dos cinco días seguintes ao da súa notificación, por conduto deste xulgado do social, logo de depósito das cantidades obxecto de condena, e cos requisitos exixidos no artigo 189 e seguintes do texto refundido da Lei de procedemento laboral e, en especial, o disposto no seu artigo 228, consistente en que será indispensable que no recorrente que non gozase do beneficio de xustiza gratuíta acredite, ao anunciar o recurso de suplicación, ter consignado na conta de depósitos e consignacións nº 2322-61-nº de autos 46/2006, que este xulgado do social ten aberta na entidade *Banesto*, sucursal de r/ San Marcos, nº 3-27001 desta cidade, a cantidade obxecto da condena. Poderase substituír a consignación en metálico polo aseguramento mediante aval bancario, no cal se deberá facer constar a responsabilidade solidaria do avalista. O xustificante de consignación en metálico ou, de ser o caso, o documento de aseguramento, en que deberá constar o número de procedemento, quedará baixo a custodia do secretario, que expedirá testemuño destes para a súa unión aos autos, facilitando o oportuno recibo, máis o depósito de 150,25 €, previsto para esta clase de recursos, que se deberá constituír na mesma conta nº 2322-65-nº de autos 46/2006 da entidade *Banesto*, que para o efecto e baixo a denominación de recurso de suplicación existe, e deberanse entregar os xustificantes na secretaría deste xulgado ao tempo de interpor o recurso, no caso de ser a empresa demandada condenada quen o interpuxese, de conformidade co disposto no artigo 227 do referido texto legal.

Así, por esta miña sentenza, da cal se unirá testemuño literal aos autos orixinais, pronúncioo, mándoo e asínoo. Fernando Fernández Olmedo. Rubricado.

Publicación.-A anterior sentenza foi lida e publicada polo maxistrado que a subscribe, que estaba celebrando audiencia pública no día da súa data, do que eu, secretario, certifico. Rafael González Alió. Rubricado».

Concorda ben e fielmente co orixinal, e para que lle sirva de notificación en forma á empresa *Pre-fabricados Begonte, S.L.*, en ignorado paradoiro, expido e asino este edicto para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*, en Lugo o seis de xuño de dous mil seis.

Rubricado

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Corrección de erros.-Edicto do 26 de abril de 2006, da Delegación Provincial de Pontevedra, polo que se notifican varios requirimentos de documentación incompleta en relación cos expedientes de axudas para situacións de emerxencia social e persoas que se relacionan.

Advertido un erro no dito edicto, publicado no DOG nº 101, luns, 29 de maio de 2006, compré facer a seguinte rectificación:

-Na páxina 8.557, columna da dereita, onde di: «Edicto do 26 de abril de 2006, da Delegación Provincial de Pontevedra, polo que se notifican varios requirimentos de documentación incompleta en relación cos expedientes de axudas para situacións de emerxencia social e persoas que se relacionan», debe dicir: «Edicto do 26 de abril de 2006, da Delegación Provincial de Pontevedra, polo que se notifican as resolucións ditadas sobre as axudas para situacións de emerxencia social relacionadas no anexo».

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Resolución do 22 de xuño de 2006 pola que se anuncia a licitación do concurso aberto das obras de clave LU/06/072.02 e outra máis.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección Xeral de Obras Públicas. Subdirección Xeral de Estradas.

2. Obxecto de cada contrato.

a) Descrición do obxecto: rehabilitación do firme e renovación da capa de rodadura na estrada LU-122, treito Paraxes (LU-120)-Lourenzá (N-634) p.k. 0+000 ao 14+850.

Clave do expediente: LU/06/072.02

Orzamento base de licitación: novecentos cinco mil cincocentos sete euros con dous céntimos (905.507,02 euros).

Prazo de execución: 12 meses.

Clasificación: grupo G, subgrupo 4, categoría e.

División por lotes e número: non hai.

b) Descrición do obxecto: mellora da capa de rodadura na avenida Ramón Nieto p.k. 0+000 ao 4+800, Vigo.

Clave do expediente: PO/05/054.02.

Orzamento base de licitación: catrocentos catro mil trescentos vinte e un euros con trinta e oito céntimos (404.321,38 euros).

Prazo de execución: 3 meses.

Clasificación: grupo G, subgrupo 4, categoría e.

División por lotes e número: non hai.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación: urxente, aberto e concurso.

4. Garantías.

Provisional: non se exige

Definitiva: 4% do orzamento base de licitación.

5. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Dirección Xeral de Obras Públicas. Subdirección Xeral de Estradas.

b) Domicilio: edificios administrativos de San Caetano, s/n.

c) Localidade e código postal: 15781-Santiago de Compostela.

d) Teléfono: 981 54 49 86.

e) Telefax: 981 54 47 91.

Así mesmo, tamén se poderán obter os pregos de cláusulas administrativas particulares, relativos a esta contratación no seguinte enderezo da internet:

<http://www.xunta.es/contratación/>.

E en *Copy Nino*, rúa Xeneral Pardiñas nº 2, teléfono 981 58 89 38.

6. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación, se é o caso: a exixida, para cada contrato, no punto 2 anterior.

7. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: o prazo de admisión das proposicións rematará ás doce horas do décimo terceiro día natural, que non coincida en sábado, domingo ou festivo, seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Documentación que hai que presentar: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: rexistro xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes ou envialas por correo dentro do prazo de admisión sinalado conforme o disposto no artigo 80.4º do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de

contratos das administracións públicas (ver parágrafo 2.1.4 do prego de cláusulas administrativas particulares).

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta (concurso): tres (3) meses.

e) Admisión de variantes: ver parágrafo F, do cadro de características do prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Apertura das ofertas: terá lugar ás 11.00 horas, do décimo día natural, que non coincida en sábado, domingo ou festivo, contado a partir do último día de presentación de proposicións, na sala de xuntas da Dirección Xeral de Obras Públicas, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

9. Outras informacións: a mesa de contratación comprobará en acto previo a documentación xeral (sobre nº A), segundo se especifica no punto 2.1.6. Constitución e funcionamento da mesa, do prego de cláusulas administrativas particulares.

10. Gastos dos anuncios: por conta dos adxudicatarios. O importe estimado máximo DOG: por liña 10,05 euros.

11. No caso de que a información reflectida no enderezo da internet non concorde cos datos publicados no anuncio de licitación, prevalecerá este.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2006.

P.D. (Orde 6-3-2003, DOG nº 50, do 12 de marzo)

Luis Vázquez Rodríguez

Secretario xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 19 de xuño de 2006, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia, polo sistema de concurso de procedemento aberto, a contratación dos servizos para o soporte técnico, actualización e mantemento das redes de datos de área local dos centros de ensino público non universitario. (Expediente 05/06SE).

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral. Subdirección Xeral de Construcións e Equipamento. Servizo de Contratación e Equipamento.

c) Número de expediente: 05/06SE.

2. Obxecto de contrato.

a) Descrición do obxecto: contratación dos servizos para o soporte técnico, actualización e mantemento

das redes de datos de área local dos centros de ensino público non universitario.

b) Lugar de execución: preferentemente nos centros educativos ou en lugar distinto designado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, se é o caso, segundo as directrices dadas por esta última.

c) Prazo de execución (meses): 12 meses, contados desde a data sinalada no seu documento de formalización ou, no seu defecto, desde o día seguinte ao da sinatura.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación.

Importe total: 156.000 euros.

5. Garantías.

Non se exige garantía provisional.

6. Obtención de documentación e información.

6.1. Información:

a) Entidade: Oficina de Información da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Domicilio: edificio San Caetano, s/n. Santiago de Compostela.

6.2. Adquisición de pregos:

a) Teléfono: 981 58 89 38.

b) Domicilio: r/ Xeneral Pardiñas, 2, 15702 Santiago de Compostela.

c) Así mesmo, poderanse obter os pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da internet:

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=6805>

7. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación, se é o caso (grupos, subgrupos e categoría): grupo V, subgrupo 3, categoría B.

b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: quince días contados desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ás 14.00 horas.

b) Documentación que hai que presentar: a sinalada no punto 11 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

1. Entidade: rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou por correo.

2. Domicilio: edificio administrativo San Caetano, s/n.

3. Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

9. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Domicilio: edificio administrativo San Caetano, s/n.

c) Localidade: Santiago de Compostela.

d) Data e hora: o sexto día hábil a contar desde o día seguinte á finalización do prazo para presentar ofertas, ás 11.00 horas.

10. Gastos de anuncios.

Por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2006.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Acordo do 16 de maio de 2006, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 06/160).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Electra del Jallas, S.A.*

Domicilio social: pza. da Constitución 17, 15270 Cee (A Coruña).

Denominación: L.M.T.S., C.T., R.B.T. Pozo Cachón.

Situación: Muros.

Características técnicas: liña de media tensión subterránea a 20 kV, cunha lonxitude de 0,716 km, con orixe na L.M.T.S. TA2 808 Muros entre o C.T. Camiño Real e o C.T. Muros II, condutor tipo R.H.V., e final no C.T. Pozo Cachón (proxectado).

Centro de transformación prefabricado, cunha potencia de 400 kVA e unha relación de transformación de 20.000/400-230 V.

Liña de baixa tensión aérea, cunha lonxitude de 0,538 km, con orixe no C.T. proxectado, condutor tipo R.Z. e apoios de formigón.

Rede de baixa tensión subterránea, cunha lonxitude de 0,2 km, con orixe no C.T. Pozo Cachón (proxectado), condutor tipo R.V. Concello de Muros.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións nesta delegación provincial, sita no edificio administrativo de Moneiros, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 16 de maio de 2006.

José Luis Barcia Picos
Delegado provincial da Coruña

Resolución do 2 de maio de 2006, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 06/234-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Electra Alto Miño, S.A.*

Domicilio social: Marqués de Valladares 23-2º, 36200 Vigo.

Denominación: reforma L.M.T. San Salvador de Budiño-Salceda e San Salvador de Budiño-Canteiras 1ª fase.

Situación: concello do Porriño.

Características técnicas: L.M.T. subterránea a 20 kV con condutor R.H.Z. estruturada en dous tramos:

1. 825 metros: con orixe no CPM San Salvador de Budiño-Gándaras e final na torre metálica nº 5 existente da L.M.T. xeral Salceda.

2. 700 metros: con orixe no CPM San Salvador de Budiño-Gándaras e final no apoio HV-1600/15 existente da L.M.T. Canteiras.

A instalación está situada en San Salvador de Budiño, concello do Porriño.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións, nesta delegación provincial, rúa Eduardo Pondal 64, 36071 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 2 de maio de 2006.

Montserrat Prado Cores
Delegada provincial de Pontevedra

Resolución do 8 de maio de 2006, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 06/277-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: travesía de Vigo 204, 36207 Vigo.

Denominación: L.M.T., C.T. Monte Porto.

Situación: concello de Pontecesures.

Características técnicas: L.M.T. subterránea a 20 kV con condutor tipo R.H.Z. de 3 m de lonxitude, con orixe no apoio fin de liña da L.M.T. PAD808 (Ponte 8) na derivación ao C.T. proxectado, e final no C.T. proxectado. Centro de transformación de 250 kVA, R.T. 20 kV/400-230 V, situado en Porto, concello de Pontecesures.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións, nesta delegación provincial, rúa Eduardo Pondal 64, 36071 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 8 de maio de 2006.

Montserrat Prado Cores
Delegada provincial de Pontevedra

Resolución do 8 de maio de 2006, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 06/278-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: travesía de Vigo 204, 36207 Vigo.

Denominación: variante L.M.T. CAG805 San Cosme.

Situación: concello de Cangas.

Características técnicas: L.M.T. estruturada en tres tramos todos eles con orixe no apoio proxectado (HVH-3500/15) nº 28 da L.M.T. CAG805 Bueu 5:

1. Aéreo: de 63 metros con condutor LA-110 e final no apoio nº 29 da L.M.T. CAG805 Bueu 5.

2. Aéreo: de 22 metros con condutor LA-56 e final no C.T. Alto da Portela.

3. Subterráneo: de 212 metros e final na L.M.T. CAG805 Bueu 5, entre o apoio nº 27 e o C.T. San Cosme.

A instalación está situada na zona de San Cosme, concello de Cangas.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións, nesta delegación provincial, rúa Eduardo Pondal 64, 36071 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 8 de maio de 2006.

Montserrat Prado Cores
Delegada provincial de Pontevedra

Resolución do 9 de maio de 2006, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 06/72).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a continuación se cita:

Solicitante: *Electra del Jallas, S.A.*

Domicilio social: pza. da Constitución 17, 15270 Cee (A Coruña).

Denominación: L.M.T.S. e C.T. Dumbría-naves Simplicio.

Situación: Dumbría.

Características técnicas: liña eléctrica subterránea de media tensión, a 20 kV, baixo tubo e con condutor R.H.V. 12/20 kV de 3 (1×150) mm² Al, de 56 m de lonxitude, con orixe na liña POT 803 Agreiras derivada ao C.T. Chan e final no C.T. Dumbría-naves Simplicio, que se vai instalar.

Centro de transformación en compartimento de edificación, de 160 kVA e tensións de 20/0,400-0,230 kV en Dumbría-naves Simplicio. Concello de Dumbría.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II, do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta delegación provincial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

As instalacións executaranse nun prazo non superior a seis meses, contados a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 9 de maio de 2006.

José Luis Barcia Picos
Delegado provincial da Coruña

Resolución do 15 de maio de 2006, da Delegación Provincial da Coruña, de autorización, aprobación do proxecto de execución e declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 06/64).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T., C.T.I., R.B.T., Chao do Río-O Ferreiriño.

Situación: Teo.

Características técnicas: liña eléctrica aérea de media tensión a 20 kV, sobre apoios de formigón e metálicos e con condutor LA-56, de 667 m de lonxitude, con orixe na liña que alimenta o C.T. Casal de Rei e final no C.T. Chao do Río-O Ferreiriño, que se vai instalar.

Centro de transformación, tipo intemperie, sobre apoios de formigón, de 100 kVA, e tensións de 20/0,400-0,230 kV, en Chao do Río-O Ferreiriño, do que parte rede de baixa tensión, sobre apoios de formigón e con condutor R.Z., de 1.330 m de lonxitude que discorre polos lugares de Chao do Río-O Ferreiriño e A Florida. Concello de Teo.

Resultan os seguintes feitos:

Primeiro.-A petición someteuse a información pública por Acordo do 16 de febreiro de 2006, desta delegación provincial, publicada no DOG do 28 de marzo, no BOP da Coruña do 14 de marzo, e no xornal *El Correo Gallego* do 7 de marzo, en aplicación do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de aplicación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Segundo.-A Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria da Coruña é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de autonomía de Galicia, no Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma galega en materia de industria, enerxía e minas, e no exercicio das competencias atribuídas polo Real decreto 1955/2000 e polo Decreto 36/2001, do 25 de xaneiro (DOG do 16 de febreiro).

Terceiro.-No expediente cumpríronse os trámites que sinala o artigo 53 da citada Lei 54/1997, e os regulamentos ordenados no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, que regula o procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

De acordo co que antecede, e no exercicio das competencias atribuídas, resolve:

Autorizar, aprobar o proxecto de execución e declarar de utilidade pública, en concreto, as devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran no proxecto, e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

As instalacións executaranse nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

A declaración de utilidade pública leva implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación.

Contra esta resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquer outro recurso que considere pertinente ao seu dereito.

A Coruña, 15 de maio de 2006.

José Luis Barcia Picos
Delegado provincial da Coruña

Resolución do 15 de maio de 2006, da Delegación Provincial da Coruña, de autorización, aprobación do proxecto de execución e declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 06/69).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.A., C.T. e R.B.T. A Cabana.

Situación: Curtis.

Características técnicas: liña eléctrica aérea de media tensión a 15/20 kV, sobre apoios de formigón e con condutor LA-56, de 334 m de lonxitude, con orixe no apoio nº 6 da L.M.T. CES-703, no tramo que deriva ao C.T. Castro e final no C.T. A Cabana, que se vai instalar.

Centro de transformación, tipo intemperie, sobre apoio de formigón, de 100 kVA, e tensións de 20/0,400-0,230 kV, na Cabana, do cal parte rede de baixa tensión, sobre apoios de formigón e con condutor R.Z., de 1.069 m de lonxitude que se conectan a rede existente. Concello de Curtis.

Resultan os seguintes feitos:

Primeiro.-A petición someteuse a información pública por Acordo do 21 de febreiro de 2006, desta delegación provincial, publicada no DOG do 6 de abril, no BOP da Coruña do 18 de marzo, e no xornal *El Ideal Gallego* do 9 de marzo, en aplicación do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de aplicación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Segundo.-A Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria da Coruña é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de autonomía de Galicia, no Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma galega en materia de industria, enerxía e minas, e no exercicio das competencias atribuídas polo Real decreto 1955/2000 e

polo Decreto 36/2001, do 25 de xaneiro (DOG do 16 de febreiro).

Terceiro.-No expediente cumpríronse os trámites que sinala o artigo 53 da citada Lei 54/1997, e os regulamentos ordenados no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, que regula o procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

De acordo co que antecede, e no exercicio das competencias atribuídas, resolve:

Autorizar, aprobar o proxecto e declarar de utilidade pública, en concreto, as devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran no proxecto, e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

As instalacións executaranse nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

A declaración de utilidade pública leva implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación.

Contra esta resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquer outro recurso que considere pertinente ao seu dereito.

A Coruña, 15 de maio de 2006.

José Luis Barcia Picos
Delegado provincial da Coruña

Resolución do 16 de maio de 2006, da Delegación Provincial da Coruña, de autorización, aprobación do proxecto de execución e declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 06/70).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución e declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.A., C.T.I., R.B.T., Vilasuso de Abaixo.

Situación: Trazo.

Características técnicas: liña eléctrica aérea de media tensión a 20 kV, sobre apoios de formigón e metálicos e con condutor LA-56, de 910 m de lonxitude, con orixe na liña L.M.T. Bargo-Fecha, tramo entre C.T. O Agro do Mestre e o C.T. Lestrobe e final no C.T. Vilasuso de Abaixo, que se vai instalar.

Centro de transformación, tipo intemperie, sobre apoio de formigón, de 50 kVA, e tensións de 20/0,400-0,230 kV, en Vilasuso de Abaixo, do que parte rede de baixa tensión aérea, sobre apoios de formigón e con condutor R.Z., de 190 m de lonxitude que se conecta a rede existente no lugar. Concello de Trazo.

Resultan os seguintes feitos:

Primeiro.-A petición someteuse a información pública por Acordo do 21 de febreiro de 2006, desta delegación provincial, publicada no DOG do 6 de abril, no BOP da Coruña do 18 de marzo, e no xornal *El Ideal Gallego* do 9 de marzo, en aplicación do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de aplicación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Segundo.-A Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria da Coruña é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de autonomía de Galicia, no Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma galega en materia de industria, enerxía e minas, e no exercicio das competencias atribuídas polo Real decreto 1955/2000 e polo Decreto 36/2001, do 25 de xaneiro (DOG do 16 de febreiro).

Terceiro.-No expediente cumpríronse os trámites que sinala o artigo 53 da citada Lei 54/1997, e os regulamentos ordenados no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, que regula o procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

De acordo co que antecede, e no exercicio das competencias atribuídas, resolve:

Autorizar, aprobar o proxecto de execución e declarar de utilidade pública, en concreto, as devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran no proxecto, e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

As instalacións executaranse nun prazo non superior a un ano, contado a partir da data desta resolución.

A declaración de utilidade pública leva implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación.

Contra esta resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquer outro recurso que considere pertinente ao seu dereito.

A Coruña, 16 de maio de 2006.

José Luis Barcia Picos
Delegado provincial da Coruña

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Resolución do 26 de maio de 2006, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se notifica a resolución do expediente sancionador INC-PO-0046/2006-V.

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícaselle á persoa que no anexo se menciona a resolución ditada no expediente o 24 de abril de 2006, por infracción en materia de incendios forestais, ao non ser posible a súa notificación a través do servizo de correos.

Para os efectos previstos no artigo 21 do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, o denunciado no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación poderá interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Pontevedra, 26 de maio de 2006.

Gonzalo Constenla Bergueiro
Delegado provincial de Pontevedra

ANEXO

Expediente: INC-PO-0046/2006-V.

Denunciado: Silvio Parada Martínez.

Último enderezo coñecido: Serra, A Laxa, Crecente (Pontevedra).

Feito denunciado: incendio por escape de queima.

Preceptos infrinxidos: incumprimento do artigo 67 e) da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

Precepto sancionador: artigo 74 a) da Lei 43/2003.

Sanción: 100 euros.

Edicto do 29 de maio de 2006, da Delegación Provincial de Pontevedra, polo que se abre período de vista do expediente de deslinde parcial dos montes veciñais en man común Xaxán e outros e Faro e outros dos veciños de Domaio e Meira, concello de Moaña.

Recibido neste Servizo de Montes e Industrias Forestais o expediente de deslinde parcial dos montes veciñais en man común Xaxán e outros e Faro e outros dos veciños de Domaio e Meira, concello de Moaña e en cumprimento do disposto nos artigos 120 e 121 do Regulamento de montes do 22 de febreiro de 1962, ábrese vista del nas oficinas deste servizo (rúa Benito Corbal, 47, 8ª, Pontevedra) durante o prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no DOG deste anuncio, para que poida ser examinado polos interesados, admitíndose durante os quince días seguintes as reclamacións que se presenten sobre a práctica da corta polo pé ou sobre a propiedade de parcelas que foran atribuídas ao monte ao realizar aquela operación.

Só poderán reclamar contra a práctica da corta polo pé os que asistiron persoalmente, ou por medio de representantes ao dito acto.

En canto ás reclamacións sobre propiedade advírtese que só serán admisibles de térense presentado os documentos correspondentes no prazo anterior á corta polo pé (fixado por edicto desta xefatura publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 212, do 4 de novembro de 2005), debendo expresarse nas ditas reclamacións o propósito de apurar mediante elas a vía administrativa, como trámite previo á xudicial civil.

Pontevedra, 29 de maio de 2006.

Gonzalo Constenla Bergueiro
Delegado provincial de Pontevedra

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Cédula do 25 de maio de 2006, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se notifica o acordo de inicio do expediente sancionador 50/06 RES, por infraccións en materia sanitaria.

Con data 9 de maio de 2006, o delegado provincial da Consellería de Sanidade de Pontevedra ditou acordo de inicio do expediente sancionador número 50/06 RES incoado na Delegación Provincial da Consellería de Sanidade de Pontevedra á entidade *Páramos y Alonso, S.L.*, propietaria do establecemento Cervecería La Central.

Intentada a notificación deste acordo segundo o disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e non sendo posible a súa práctica, por medio desta cédula e, ao abeiro do disposto no número 5 do referido artigo, notifícaselle ao/á director/a xerente da entidade *Páramos y Alonso, S.L.*, propietaria do establecemento Cervecería La Central, o contido do referido acordo que figura como anexo, para que poida ter coñecemento del.

Así mesmo, fáiselle saber o dereito que o asiste, ao abeiro do disposto no número 1 do artigo 16 do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora, para presentar alegacións ante esta delegación provincial no prazo de 15 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación desta cédula, lembrándolle o seu dereito a consultar o expediente, depositado nas dependencias desta delegación, sita en Pontevedra, avda. de Vigo, número 16, e obter, se é o caso, copia del, segundo o previsto na letra a) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Notifícaselle tamén que, de non efectuar alegacións sobre o contido do dito acordo no citado prazo, a iniciación poderá ser considerada proposta de resolución cando conteña un pronunciamento preciso acerca da responsabilidade imputada, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do citado regulamento.

Esta cédula expídese para que conste e lle sirva de notificación ao interesado, en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Pontevedra, 25 de maio de 2006.

Juan A. Martín Tejedor
Delegado provincial de Pontevedra

ANEXO

Número do expediente: 50/06 RES.

Denunciado: *Páramos y Alonso, S.L.*, con CIF número B-36864734, propietaria do establecemento Cervecería La Central.

Último enderezo coñecido: praza da Constitución, número 8, 36202 Vigo.

Feito imputado: supostas infraccións en materia sanitaria.

Preceptos presuntamente infrinxidos:

-Artigo 2 punto 2º.2 do Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.

-Artigo 3, punto 2º, artigo 7 punto 2º, capítulo primeiro punto 1º, 2º, 4º, 5º e 9º, capítulo VI punto 2º, capítulo IX punto 3º e capítulo X do anexo ao Real decreto 2207/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene relativas aos produtos alimenticios.

-Artigo 3 punto 5º, artigo 6 punto 2º, artigo 10 e artigo 12 do Real decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas.

Tipificación: infracción leve, segundo o artigo 35 A), 1ª e 2ª da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade e segundo o artigo 144 a) e g) da Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia. Sanción proposta: oitocentos euros (800 euros).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Resolución do 21 de xuño de 2006, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso público e procedemento aberto, para a contratación da subministración e entrega de contedores para a recollida de residuos urbanos. (Expediente 90/2006).

1. Entidade adxudicadora.

1.1. Organismo: Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

1.2. Dependencia que tramita: Secretaría Xeral.

2. Obxecto do contrato.

2.1. Descrición do obxecto: subministración e entrega dun mínimo de 1.296 contedores para a recollida de residuos urbanos. (Expediente 90/2006).

2.2. Prazo de execución: cláusula 15.1.1.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

3.1. Tramitación: ordinaria.

3.2. Procedemento: aberto.

3.3. Forma: concurso público.

4. Orzamento base de licitación: cento sesenta e dous mil euros (162.000) euros.

5. Fianza provisional: non se exige.

6. Garantía definitiva: 4% do orzamento base de licitación (6.480 euros).

7. Criterios de baremación:

a) Número de contedores ofertados: ata 60 puntos.

b) Proposición económica: ata 20 puntos.

c) Características técnicas dos contedores ofertados: ata 20 puntos.

8. Documentación e información.

8.1. Documentación:

Os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta contratación estarán a disposición dos/as interesados/as, durante o prazo de presentación de proposicións, na vicesecretaría xeral e na páxina da internet:

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?.N=6793>

Para os efectos de información, as empresas que retiren os pregos da páxina web e estean interesadas en concursar a esta licitación, deberán enviar ao seguinte enderezo de correo electrónico: contratacion.cma@xunta.es, os datos que a continuación se relacionan:

- Na epígrafe Asunto: obxecto do prego.
- Nome da empresa e número de teléfono.

8.2. Información: teléfono 981 54 17 49.

9. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

9.1. Data límite da presentación: as proposicións presentaranse entre as 9.00 e as 14.00 horas, en días hábiles, no prazo máximo de 15 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no DOG; de coincidir o último día en sábado ou festivo, o prazo para a presentación de proposicións finalizará o primeiro día hábil seguinte.

9.2. Documentación que é preciso presentar: a sinalada no punto 7 do prego de cláusulas administrativas particulares.

9.3. Lugar de presentación:

a) Entidade: rexistro xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

b) Enderezo: San Lázaro, s/n.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

d) Cando a proposición se envíe por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da mencionada oferta mediante telegrama ou fax (981 54 17 50) no mesmo día.

10. Apertura das ofertas.

A apertura das proposicións admitidas realizarase pola mesa de contratación, reunida en acto público na sala de xuntas da sede dos servizos centrais da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en Santiago de Compostela, ás 12.00 horas do décimo cuarto día natural contado a partir do seguinte ao da finalización do prazo de presentación das proposicións. Se ese día coincidise en sábado ou festivo, a mesa reunirase o primeiro día hábil seguinte, á mesma hora.

No caso de que o día de apertura coincida entre o día 1 e o 18 de agosto (ambos os dous inclusive), a apertura de proposicións admitidas terá lugar o día 23 de agosto ás 12 horas.

11. Gastos do anuncio: pola conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2006.

Jorge Antonio Santiso Blanco
Secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

Resolución do 21 de xuño de 2006, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso público e procedemento aberto, para a contratación das obras que se citan. (Expediente 89/2006).

1. Entidade adxudicadora.

1.1. Organismo: Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

1.2. Dependencia que tramita: Secretaría Xeral.

2. Obxecto de cada contrato.

1º Descrición do obxecto: obra de adecuación e clausura do vertedoiro do cemiterio de Bande (Ourense). (Expediente 89/2006).

Praza de execución: 2,5 meses.

Orzamento base de licitación: douscentos vinte e cinco mil oitocentos dezanove euros con vinte e catro céntimos (225.819,24 €).

Garantía provisional: non se exige.

Clasificación: grupo A, subgrupo 2, categoría e).

Criterios de adxudicación:

Oferta económica: ata 6 puntos.

Programa de execución das obras: ata 5 puntos.

Delegado de obra: ata 4 puntos.

Plan de control de calidade da obra: ata 4 puntos.

Plan de utilización de equipos, maquinaria e medios auxiliares: ata 3 puntos.

Utilización de materiais reciclables ou produto de procesos de reciclaxe: ata 3 puntos.

Aspectos relativos á publicidade e difusión das obras: ata 3 puntos.

Melloras técnicas: ata 2 puntos.

2º Descrición do obxecto: obra de adecuación, selaxe e clausura dos vertedoiros de residuos urbanos de Coristanco (A Coruña) (nº expte 91/2006).

Prazo de execución: 4 meses.

Orzamento base de licitación: trescentos vinte e dous mil catrocentos doce euros con vinte e tres céntimos (322.412,23 €).

Garantía provisional: non se exige.

Clasificación: grupo A, subgrupo 1, categoría d) e grupo A, subgrupo 2, categoría d).

Criterios de adxudicación:

Oferta económica: ata 6 puntos.

Programa de execución das obras: ata 5 puntos.

Delegado de obra: ata 4 puntos.

Plan de control de calidade da obra: ata 4 puntos.

Plan de utilización de equipos, maquinaria e medios auxiliares: ata 3 puntos.

Utilización de materiais reciclables ou produto de procesos de reciclaxe: ata 3 puntos.

Aspectos relativos á publicidade e difusión das obras: ata 3 puntos.

Melloras técnicas: ata 2 puntos.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación de todas as obras:

3.1. Tramitación: ordinaria.

3.2. Procedemento: aberto.

3.3. Forma: concurso público.

4. Documentación e información.

4.1. Documentación:

Os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán estas contratacións estarán á disposición dos interesados para o seu exame, durante o prazo de presentación de proposicións, na copistería *Copy Nino*, sita na rúa Xeneral Pardiñas, nº 2, en Santiago de Compostela (teléfono: 981 58 89 38).

Tamén se poderán obter os pregos relativos a estas contratacións, a través da internet nos seguintes enderezos:

1º <http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=6798>

2º <http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=6799>

Para os efectos de información, as empresas que retiren os pregos da páxina web e estean interesadas en concursar a esta licitación, deberán enviar, ao seguinte enderezo de correo electrónico: contratacion.cma@xunta.es, os datos que a continuación se relacionan:

-Na epígrafe Asunto: obxecto do prego.

-Nome da empresa e número de teléfono.

4.2. Información: 981 54 17 49.

5. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

5.1. Data límite da presentación: as proposicións presentaranse, en días e horas hábiles, no prazo máximo de 26 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no DOG; de coincidir o último día en sábado ou festivo, o prazo para a presentación de proposicións rematará o primeiro día hábil seguinte.

5.2. Documentación que é preciso presentar: a sinalada no punto 3.3. dos pregos de cláusulas administrativas particulares.

5.3. Lugar de presentación:

a) Entidade: rexistro xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

b) Enderezo: San Lázaro, s/n.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

d) Cando a proposición se envíe por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da mencionada oferta mediante telegrama ou fax (981 54 17 50) no mesmo día.

e) No suposto de que se participe en máis dun concurso destas dúas obras, a documentación xeral contida no sobre A presentada para un deles producirá plenos efectos nos demais nos que se presenten proposicións, facendo constar expresamente como contido do sobre A a clasificación, ou solvencia, se é o caso, e a referencia do concurso no que se presenta a documentación xeral.

6. Apertura das ofertas.

A apertura das proposicións admitidas realizarase pola mesa de contratación, reunida en acto público na sala de xuntas da sede dos servizos centrais da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en Santiago de Compostela, ás 12.00 horas do décimo cuarto día natural a partir do seguinte ao da finalización do prazo de presentación das proposicións. Se ese día coincidise en sábado ou festivo, a mesa reunirase o primeiro día hábil seguinte, á mesma hora.

No caso de que o día de apertura coincida entre o día 1 e o 18 de agosto (ambos os dous inclusive), a apertura de proposicións admitidas terá lugar o día 23 de agosto ás 12.00 horas.

7. Gastos do anuncio: pola conta dos adxudicatarios.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2006.

Jorge Antonio Santiso Blanco
Secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Cédula do 31 de maio de 2006, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se notifica o acordo de inicio do procedemento de reintegro das axudas á contratación indefinida con orixe en plans empresariais de incremento da estabilidade laboral reguladas na Orde do 27 de abril de 2001.

Con data de 16 de marzo de 2006, o delegado provincial da Consellería de Traballo de Lugo, ditou a resolución pola que se acorda o inicio do procedemento de reintegro da axuda concedida á empresa *Gonzalo José Rodríguez Barros* con número de expediente 343G 2001/33

Intentada a notificación deste acordo segundo o disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e non sendo posible a súa práctica, por medio da presente cédula e segundo o disposto no número 5 do referido artigo e o establecido no artigo 61 do mesmo texto legal, notifícaselle ao interesado o contido da resolución que figura como anexo, para que poida ter coñecemento desta.

Así mesmo, fáiselle saber o dereito que o asiste para interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación da presente cédula no *Diario Oficial de Galicia*, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; con anterioridade e con carácter potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao desta publicación, ante esta delegación provincial, todo isto de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lémbrales tamén o seu dereito a consultar o expediente, depositado nas dependencias desta delegación provincial, sitas na rolda da Muralla, nº 70 baixo, en Lugo, e a obter, se é o caso, copia deste acordo, segundo o previsto na letra a) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

ANEXO

Nº de expediente: 343G 2001/33.

Nome ou razón social: *Gonzalo José Rodríguez Barros*.

DNI/NIF: 33816263-F.

Último enderezo coñecido: rúa Nova, 2 Magazos-Viveiro (Lugo).

Feito imputado: non manter a contratación indefinida que foi obxecto de subvención.

Precepto infrinxido: artigo 15.4º da Orde do 27 de abril de 2001 pola que se establece o programa de

incentivos á contratación indefinida con orixe en plans empresariais de incremento da estabilidade laboral.

Contido da resolución: acordo do inicio do procedemento de reintegro da axuda.

Lugo, 31 de maio de 2006.

José Miguel Vázquez Calvo
Delegado provincial de Lugo

Cédula do 31 de maio de 2006, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se notifica o acordo de inicio do procedemento de reintegro das axudas á contratación indefinida que establecen os programas de fomento da contratación e da estabilidade no emprego reguladas na Orde do 10 de maio de 2001.

Con data do 16 de marzo de 2006, o delegado provincial da Consellería de Traballo de Lugo, ditou a resolución pola que se acorda o inicio do procedemento de reintegro da axuda concedida á empresa *José Vázquez Pardo* con número de expediente 343B 2001/345.

